

## Igrexa Parroquial de San Pedro

040523

### Datos de Localización

Igrexa

<b>Nomenclator:</b>	3206707
<b>Coord. UTM:</b>	X: 596106 Y: 4662839
<b>Concello:</b>	Rairiz de Veiga
<b>Parroquia:</b>	SABARIZ
<b>Lugar:</b>	Sabariz
<b>Tipoloxía:</b>	Arquitectura Religiosa
<b>Tipo:</b>	Igrexas
<b>Subtipo:</b>	Igrexa
<b>Denominación:</b>	<b>Igrexa Parroquial de San Pedro</b>
<b>Etapa Histórica:</b>	Idade Moderna
<b>Estilo relevante</b>	Popular



### Outros Estilos:

### Descrición:

Igrexa de planta rectangular con capela adosada, muros de perpiaño e tellado a tres augas. Nos muros laterais ten dous contrafortes que serven de soporte a un arco de medio punto da única nave da igrexa. Na fachada principal, porta alintelada e flanqueada por pilastras festoneadas. Sobre a porta, fornela con arco de medio punto; e nas esquinais pilastras arquitrabadas. Coroando a fachada espadana de dous corpos. Un corpo inferior de dous arcos e sobre el, un segundo corpo dun só arco con pirámides de bolas nas esquinhas e remate semicircular con van aberto e cruz de ferro.

A zona do presbiterio correspóndese coa parte máis antiga da igrexa de mediados do século XVIII. A verdadeira igrexa, estivo no lugar chamado "*Diestros de San Pedro*" (Libro 35-10-5, folio 159). Unha vez desaparecida, aproveitouse unha capela á que se lle engadiu a nave e a fachada principal.

En visita pastoral do ano 1807, mándase que se faga demoler a Ermida de San Pedro, adxudicándose o produto da ermida á Igrexa, porque : "[.. ..] *no sirve otra cosa mas que recogerse y abrigarse fieras, gente de malvivir y enredar los muchachos*" (Libro 35-10-5, folio 111).

En 1863, o Mestre Antonio García de Celanova fixo a obra do campanario (Libro, 35-10-5, folio 172).

Para esta igrexa fixo Carlos Feijóo y Lizana o copón, polo que selle pagaron 200 reais e fundiu dous cálices (Libro 35-10-5, folio 116 volta).

No libro de fábrica da Parroquia, ano 1778, dase conta da fundación dun Peto de Ánimas no lugar da Pereira por Domingo Fernández Magista. (Libro 35-10-5, folio 209).

### BIBLIOGRAFÍA:

- FERNÁNDEZ ÓTERO, J. C., *Apuntes para el inventario del mobiliario litúrgico de la Diócesis de Orense*. Pontevedra, 1983, p. 222.
- JUANA de, J. , *A Alta Limia. (A Terra que medrou vencellada a unha lagoa)* . Ir Indo, Vigo, 1993, pp. 99.

### DOCUMENTACIÓN:

- Ficha do *Inventario del Patrimonio Arquitectónico de Interés Histórico Artístico*. Santiago de Compostela, 1979.

-A.H.D.OU.  
Libro de fábrica, 35-10-5.

## Características Construtivas

**Plantas:** Baixo  
**Edif. Anexas:**  
**Mat. Fachada:** Granito  
**Mat. Estrutura:** Granito, madeira  
**Mat. Cuberta:** Madeira, tella

### Elementos singulare

**Construtivos:**

**Decorativos:**

## Delimitación do Ben e da contorna

**Situación:** Outros  
**Area de Protección:** 100 m

## Protección

**Tipo de ben:** Inventariado  
**Proposta de tipo de ben:**  
**Estado de Tramitación:** Declarado  
**Nivel de Protección Arq.:** Integral  
**Proposta Nivel de Protección Arq.:**  
**Grao de Protección Arq.:** ----  
**Proposta Grao de Protección Arq.:** ----  
**Xustificación da Protección:**  
**Titularidade**  
**Polígono:**  
**Parcela:**

## Conservación-Intervención

**Estado de Conservació** Bo  
**Uso Actual:** Relixiosos

### Alteracións Morfolóxicas

**Tipo:**

**Data:**

Descrición:

Proxecto:

Axentes:

Observacións:

## Bens Mobles

---









